

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ENTRAGARANSE O 26 DE ABRIL

## Os premios da AELG xa teñen finalistas

Os galardóns recoñecen á mellor obra publicada en 2007 en cada xénero: Tradución, Teatro, Narrativa, Ensaio, Poesía, Literatura infantil e xuvenil e Literatura xornalística.

Redacción - 13:48 12/03/2008

Os premios, que serán decididos entre os propios socios da [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#), entregaranse o 26 de abril na Cea das Letras. Na cea estará presente a escritora cubana [Nancy Morejón](#), elixida *Escritora Galega Universal* do ano pola AELG, que pasará todo o mes de abril en Galiza. Tamén se recoñecerá o labor da [Mostra de Teatro de Ribadavia](#), que recibirá o galardón dedicado ás institucións culturais.

### Esta é a lista completa de finalistas:

Literatura Infantil e Xuvenil: An Alfaya (*Illa soidade*), Marcos S. Caldeiro (*Rinocerontes e quimeras*), Paula Carballeira (*Boas noites*), Fina Casalderrey (*A lagoa das nenas mudas*), Xesús Constela (*Libro das alquimias*), Calos López Gómez (*Minimaladas*), Agustín Fernández Paz (*O único que queda é o amor*) e Xavier Queipo (*Saladina*)

Poesía: Xiana Arias Rego (*Ortigas*), Marica Campo (*Sextinario: trinta e seis + tres*), Leo F. Campos (*Hai cu: pintadas no báter*), Miguel A. Fernán-Vello (*Diccionario do estremecemento*), Francisco X. Fernández Naval (*Miño*), Paulino Pereiro (*Morte do mar*) e María Xosé Queizán (*Cólera*)

Teatro: Afonso Becerra (*Crio-Xénese*), Manuel Núñez Singala (*Comedia bifida*) e Millán Picouto (*Ciclo de Marte*)

Ensaio: Justo G. Beramendi (*De provincia a nación: historia do galeguismo político*), Xurxo Borrazás (*Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida*) e Carlos P. Martínez Pereiro (*Querer crer entrever. Expresións críticas de reflexión e lectura*)

Tradución: Carmen e M<sup>a</sup> Dolores Torres París (*Fuxir*, de Jean-Philippe Toussaint), Eva Almazán (*O castelo branco*, de Orhan Pamuk), Yolanda Vilarchao (*Poemas canónicos*, de Konstantinos Kavafis) e Tomás González Ahola (*O muiñeiro ouveador*, de Arto Paasilinna)

Narrativa: Francisco Castro Veloso (*As palabras da néboa*), Xavier López López (*Trinta e dous dentes*),

Miguel Anxo Murado (*O soño da febre*), Luís Rei Núñez (*O señor Lúgrís e a negra sombra*), Antón Riveiro Coello (*Os ollos de K*), Séchu Sende (*Made in Galiza*) e Anxos Sumai (*Así nacen as baleas*)

Literatura Xornalística: Rosa Aneiros, Xosé Carlos Caneiro, Alfredo Conde, Bieito Iglesias, Gustavo Luca de Tena, Manuel X. Neira, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas